



Universitat Autònoma de Barcelona

Plan de linguas da UAB (2011-2015)

(Documento aprobado polo Consello de Goberno da UAB o
26 de xaneiro de 2011)

Plan de linguas da UAB (2011-2015)

1. Obxectivo do Plan de linguas

Dispor dun marco estratéxico para a política lingüística da UAB.

2. Ámbito de aplicación

A Universitat Autònoma de Barcelona. É vontade da UAB recomendar a aplicación subsidiaria dalgúns criterios do Plan ás entidades en que a UAB ten unha participación maioritaria, e que sirva de orientación para as entidades que a Universidade reconece.

3. Duración

O Plan propónse para unha duración de cinco anos, de xaneiro de 2011 a decembro de 2015.

4. Tipoloxía do Plan

O Plan de linguas ten que ser un marco xeral, unha folla de ruta, e cada centro ten que establecer os mecanismos para concretalo en plans específicos por centros ou titulacións. É importante que haxa indicadores para a avaliación de resultados.

5. Responsable de facer o seguimento

A Comisión de Política Lingüística (delegada do Consello de Goberno) fará o seguimento do Plan. Anualmente presentará unha memoria ao Consello de Goberno sobre as actuacións realizadas.

Cada centro ten que dispor dun interlocutor en materia de política lingüística.

O Servizo de Linguas é o ente encargado de dar soporte técnico ao Plan.

6. Recursos necesarios

O Plan conterá unha previsión orzamentaria das actuacións que sexa preciso desenvolver. As actuacións priorizaranse cada ano, de maneira que se non hai dispoñibilidade orzamentaria para realizalas se podan levar a cabo as máis importantes.

7. Estrutura e contidos

O Plan artéllase a partir dos elementos que se mencionan a continuación:

7.1. Marco xeral

O Plan de linguas da UAB parte do marco xeral seguinte:

O catalán é a lingua propia, e oficial —xunto co castelán—, de Cataluña e de todos os niveis educativos e, por conseguinte, é lingua propia da UAB. A condición de lingua propia fai da lingua catalá un elemento clave para alcanzar os obxectivos de excelencia e de captación e fidelización de talento da Universidade, dado que as competencias lingüísticas son fundamentais para o desenvolvemento persoal e profesional. Por outra parte, a UAB, como universidade catalá, é responsable de asegurar o uso, a divulgación e a mellora da produción científica en catalán.

O castelán é lingua oficial —xunto co catalán— de Cataluña e, por conseguinte, tamén da UAB. É, así mesmo, importante para a estratexia de internacionalización da Universidade.

O inglés converteuse en lingua franca da comunidade académica internacional, imprescindible para a captación e a fidelización de talento, para alcanzar os obxectivos de

internacionalización e de excelencia da Universidade. Pola súa condición de lingua franca, cada vez é máis utilizada como lingua de traballo efectiva na actividade da Universidade e é un activo clave para o desenvolvemento académico dos nosos estudantes. Por estes motivos, considérase necesario formalizar o estatus do inglés como lingua franca e, ao mesmo tempo, diferenciar o inglés do resto de linguas non oficiais, de acordo co fomento da docencia en inglés no grao e o posgrao que establece o Plan Director (AE 28).

Se ben é indiscutible o rol do inglés como lingua franca da comunidade académica internacional, hai linguas, como o francés, o alemán ou o italiano, entre outras, que tamén son estratéxicas como linguas de referencia en determinados campos de coñecemento e en certos contornos profesionais. Así mesmo, en determinadas profesións é importante a competencia plurilingüe.

Na estratexia de internacionalización da Universidade, o francés ten un papel importante, por razóns xeoestratéxicas, por proximidade e por tradición. Actualmente, tamén son importantes o chino e o coreano na comunicación e na promoción da Universidade, como consecuencia da aposta estratéxica que fixo por China, xunto con Corea.

Finalmente, un activo importante da Universidade é o seu capital lingüístico: o concepto de *universidade* vai, desde os seus inicios, unido ao multilingüismo, como factor de enriquecemento, de aproximación entre as persoas que xeran e consumen coñecemento. As linguas e as culturas que conviven na Universidade enriquecen a comunidade universitaria e, por outra parte, o conxunto de estudos, centros, institutos, grupos de investigación e servizos relacionados coas linguas son fonte de investigación, transferencia de coñecemento e innovación neste ámbito.

7.2. Misión, visión e valores

Misión

O Plan de linguas é o instrumento que establece os obxectivos e as accións necesarios en materia de política lingüística para desenvolver a misión da UAB.

Visión

O Plan de linguas ten que facilitar que a UAB se converta en:

- Modelo de calidade lingüística e de comunicación eficaz na docencia, na investigación e nas comunicacións institucionais;
- Motor da investigación, a transferencia de coñecemento e a innovación en materia de linguas;
- Referente local e internacional na construción e na aplicación dun modelo de goberno do multilingüismo na Universidade;
- Caso recoñecido de compromiso coa sustentabilidade lingüística.

Valores

A UAB, no Plan Director para o período 2010-2012, proclamou como valores da Universidade: a lealdade institucional, a excelencia, o espírito crítico e innovador, a diversidade, a solidariedade, o compromiso social e cultural, a responsabilidade, a eficacia, a eficiencia, a transparencia, a participación e a sostibilidade.

O Plan de linguas sostense nos valores seguintes, que son froito dos valores da UAB:

- O fomento da lingua catalá, como lingua propia, na docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento. É froito do compromiso social e cultural, da responsabilidade, da excelencia e da sostibilidade;

- A promoción do inglés, como lingua franca da comunidade académica internacional, na docencia, a investigación e as comunicacións institucionais. É froito da excelencia e da responsabilidade;
- O recoñecemento do multilingüismo da Universidade, do plurilingüismo e da competencia intercultural da comunidade universitaria, como activos estratéxicos para a internacionalización da UAB. É froito do espírito crítico e innovador, da excelencia, da diversidade e da sostibilidade;
- A transparencia e a efectividade dos dereitos e os deberes lingüísticos que se derivan do estatus das linguas: do catalán como lingua propia, do catalán e o castelán como linguas oficiais, do inglés como lingua franca da comunidade académica internacional e tamén doutras linguas en contextos específicos. É froito da lealdade institucional, da responsabilidade e da transparencia.

7.3. Obxectivos estratéxicos

Os obxectivos estratéxicos do Plan de linguas da UAB están aliñados cos obxectivos estratéxicos que a Universidade establece no Plan Director para o período 2010-2012: a captación e a fidelización de talento e a internacionalización do campus.

Tamén teñen en conta os obxectivos de mellora das competencias lingüísticas que a Generalitat de Cataluña estableceu para o financiamento variable por obxectivos das universidades públicas catalás para o período 2008-2010.

Os obxectivos estratéxicos do Plan de linguas son:

- Consolidar o uso do catalán como lingua propia en todos os ámbitos da Universidade;
- Incrementar o volume de docencia impartida preferentemente en inglés e o da investigación publicada nesta lingua;
- Ampliar a dispoñibilidade lingüística da Universidade na relación cos usuarios;
- Asegurar a calidade lingüística das comunicacións na Universidade;
- Mellorar a capacidade de interacción intercultural da comunidade universitaria.

7.4. Ámbitos de actuación e eixos

O Plan de linguas estrutúrase nos catro ámbitos de actuación establecidos para o Plan Director da UAB 2010-2012 e en tres eixos que son específicos do Plan de linguas.

Ámbitos

- Persoas
- Innovación e creación de valor
- Contorno
- Recursos

Eixos

- Eixo institucional e de xestión
- Eixo da docencia e a investigación
- Eixo da mobilidade e a acollida

7.5. Actuacións

Os contidos das actuacións concréntanse a partir dos obxectivos estratéxicos (véxase o apartado 7.3). Estas actuacións teñen que ser alcanzables no prazo de vixencia do Plan e poden ser de catro tipos diferentes:

- De diagnóstico
- De regulación
- De implementación
- De apoio

Fixarase un plan de actuacións anual, que se fará ano a ano, co fin de ter en conta tanto as necesidades de cada momento como a dispoñibilidade orzamentaria.